

O INICIO DA IDADE MODERNA

1. Establece o **marco cronolóxico** da Idade Moderna: cando comeza, cando finaliza. (páxina 156)

A Idade Moderna é un período histórico que se desenvolve entre os séculos XV (Caída de Constantinopla en 1453 ou Descubrimento de América 1492) e o século XVIII (Revolución francesa 1789).

Os descubrimentos

2. Completa a seguinte táboa coas causas dos descubrimentos (páxina 158)

CAUSAS	
Políticas	Proseguir a expansión territorial dos reinos cristiáns peninsulares; busca de ouro e prata; gloria persoal; demostrar o poder dos reis
Económicas	Apertura de novas rutas comerciais para chegar a Asia e África.
Científicas	A teoría da esfericidade da Terra (<i>Xeografía</i> de Ptolomeo ou o <i>Imago Mundi</i> de Pierre d'Ailly)
Técnicas	Melloras no compás e o astrolabio, o avance da cartografía (portolanos), novos barcos (carabela, nao).
Relixiosas	Loita contra os infieis, difusión do cristianismo.
Ideolóxicas	Afán de aventuras, fama e riqueza; comprobacións científicas.

As viaxes

3. Cales eran os obxectivos comerciais de Portugal? Como o pretendían facer? (páxina 160)

O s obxectivos de Portugal eran acceder ao ouro de Sudán e comerciar coa India bordeando a costa de África.

4. Que establecía o **Tratado de Alcaçovas** de 1479? Por que se firmou?

A rivalidade con Castela pola zona levou á firma do **Tratado de Alcaçovas** no que Portugal cedíalle a Castela as illas Canarias a cambio de que Portugal explorara as terras ao sur do Cabo de Bojador.

5. Que fixeron Bartolomé Días e Vasco da Gama?

Bartolomé Días doblou o Cabo de Buenaesperanza (1487) e Vasco da Gama chegou á India (1498).

6. Con que **produtos** comerciaban os portugueses?

Controlaron o comercio de ouro e escravos de Sudán e monopolizaron o comercio de especias coa India e seda con China.

7. Cal era o obxectivo de **Cristóbal Colón**? En que teoría se baseaba?

Cristóbal Colón pretendía cruzar o Atlántico navegando cara o Oeste para chegar á India baseándose na redondez da Terra.

8. De onde saíu Colón? Cando? A onde chegou? En que data?

Colón saíu de Palos (Huelva) e o 12 de outubro chegou á illa de Guanahari (Bahamas), que bautizou co nome de San Salvador.

9. Por que se firmou o **Tratado de Tordesillas**? Cando? Que establecía?

O **Tratado de Tordesillas**, para evitar conflitos entre Portugal e Castela, establecía as áreas de influencia dos dous reinos.

10. Que fixo Vasco Núñez de Balboa? E Magalhães e Elcano?

Vasco Núñez de Balboa cruzou o istmo de Panamá e descubriu o océano Pacífico (1513) e Magalhães e Elcano deron a 1ª volta ao mundo (1519-1522).

O Estado Moderno

(páxina 162)

11. Que son as **monarquías autoritarias**?

As **monarquías autoritarias** son as **monarquías** onde o rei se impuxo sobre a nobreza e limitou a autonomía dos municipios.

12. Que **instrumentos** empregaron os reis para reforzar o seu poder? Enuméraos.

Para impoñer a súa autoridade, empregaron diversos instrumentos como a **unificación territorial**, o control dos **poderes do Estado**, melloraron a **administración pública**, crearon un **exército permanente** e organizaron as **relacións internacionais** (embaixadas).

Os cambios e conflitos relixiosos. Reforma e Contrarreforma

(páxina 166)

13. Cales foron as causas da **Reforma**?

As causas da Reforma foron principalmente: o desprestixio do papado e do clero e os abusos da Igrexa (nepotismo, nicolaísmo e simonía).

14. Por que sufría un grande desprestixio do papado e o clero?

Porque para algunhas persoas os papas ocupábanse dos seus intereses terreaus; algúns bispos vivían de forma luxosa e non residían na súa diocese; o baixo clero carecía de preparación; moitas ordes relixiosas non seguían as súas regras; etc.

15. Realiza o seguinte cadro dos Reformadores.

REFORMA	DOCTRINA	EXTENSIÓN XEOGRÁFICA
Luterana	Xustificación pola fe e libre interpretación das Biblia.	Parte dos Estados alemáns e centro e norte de Europa.
Calvinismo	Predestinación.	Países Baixos, Suiza, Escocia, zonas de Francia e Inglaterra.
Anglicanismo	Non obediencia ao Papa, o rei de Inglaterra, cabeza da Igrexa inglesa.	Inglaterra

16. Que foi a **Contrarreforma**? Que instrumentos empregou a Igrexa Católica?

Foi a reforma levada a cabo pola Igrexa católica para frear a Reforma protestante. Para levala a cabo a Igrexa católica convocou o Concilio de Trento e fundou a Compañía de Xesús.

17. Que foi o Concilio de Trento? Que fixeron nel?

O Concilio de Trento foi unha reunión (concilio) onde definiu a doutrina da Igrexa católica, como a salvación das almas polas boas obras; a infalibilidade do Papa; os sete sacramentos; o culto á Virxe e aos santos; etc. Tamén tomaron medidas para terminar co desprestixio do clero.

18. Define *Compañía de Xesús*.

Foi unha orde relixiosa fundada por Ignacio de Loyola para loitar contra a Reforma por medio da formación teolóxica. Tiñan un voto especial de obediencia ao Papa.

O Humanismo. A nova visión do ser humano

(páxina 168)

19. Cales son os trazos básicos do humanismo?

Os trazos característicos son que a antigüidade clásica tomouse como modelo e o ser humano ocupou o centro do mundo (do teocentrismo ao **antropocentrismo**)

20. Establece os tipos de correntes humanistas, as súas características e os principais representantes.

CORRENTE	CARACTERÍSTICAS	REPRESENTANTES
Literaria e filosófica	Traducir e comentar escritos clásicos empregando textos orixinais, non copias.	Pico della Mirandola Nicolás Maquiavelo
Relixiosa	Buscou conxugar a aos pensadores antigos cos Evanxelos.	Erasmus de Rotterdam Thomas More (Moro)
Científica	Intentou explicar os fenómenos da natureza empregando a razón, a observación e a experimentación.	Copérnico, Paracelso e Vesalio

21. Por que medios se difundiu o humanismo?

A través das viaxes dos humanistas, a fundación de academias e da imprenta.